

Xoves, 13 de novembro de 2025

Núm. 218

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****PONTECESURES****Subvencións e axudas***BASES DO II CERTAME LITERARIO ORIA MORENO**ANUNCIO**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA II EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO DE RELATO CURTO ORIA MORENO*

As presentes bases e convocatoria teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión dos premios da II edición do Certame Literario Oria Moreno, co gallo da conmemoración do Día Internacional da Muller, así como valorizar a localidade.

O Concello de Pontecesures, no marco da devandita conmemoración do 8 de Marzo, organiza un certame de relato dirixido a toda a cidadanía a partir dos 10 anos.

**1. Obxectivos:**

- Promover a igualdade.
- Fomentar a creatividade e a expresión literaria.
- Ofrecer un espazo de participación e recoñecemento para os escritores e escritoras.
- Promover a lectura e a escrita como ferramentas de desenvolvemento persoal e cultural.
- Estimular o uso do galego.
- Reivindicar as mulleres cesureñas (reais ou ficticias).
- Socializar a figura de Oria Moreno, unha muller cesureña adiantada ao seu tempo.
- Fomentar a escrita como afección.

**2. Participantes:**

- Estudantes de primaria (5.º e 6.º), secundaria (ESO), mocidade (a partir dos 16 anos) e persoas adultas (a partir de 18 anos).
- A participación será de maneira individual e mediante o uso dun pseudónimo.
- Cada autor/a poderá presentar un único relato.



Xoves, 13 de novembro de 2025

Núm. 218

**3. Temática:**

- Que promova a igualdade ou cuestione o modelo social sexista.
- Que teña vinculación con Pontecesures.

**4. Características:**

- Os relatos deberán ser orixinais, inéditos e non premiados noutros certames.
- Os relatos deberán estar escritos en lingua galega.
- A extensión dos relatos non deberá superar as 1000 palabras.
- O relato terá un título que non contará na extensión do dito relato.
- A letra usada será a Times New Roman, do tamaño 12 e cunha entreliña de 1,5 cm.

**5. Prazos:**

O prazo de admisión de obras será dende o día seguinte o día da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e finalizará no 30 de xaneiro de 2026.

**6. Presentación:**

- A entrega dos relatos deberase realizar obrigatoriamente de forma presencial no rexistro xeral do Concello de Pontecesures, no horario do rexistro de entrada (das 9:00 ás 14:00 horas), co fin de garantir o anonimato no procedemento.
- Entregarase un sobre pechado no que deberá figurar a mención “II edición do Certame Literario Oria Moreno” e a categoría á cal se presenta. Este sobre conterá o seguinte:
  - Tres copias do relato asinadas co pseudónimo, título e categoría.
  - Un sobre pequeno pechado co pseudónimo e o título escritos na parte exterior. No interior deste sobre pequeno incluírase unha folla co nome, os apelidos, a copia do documento de identidade, a data de nacemento, o enderezo, o teléfono e o correo electrónico (propios ou dun/ha titor/a).
- As plicas só se abrirán unha vez que o xurado do certame escolla os relatos gañadores.

**7. Xurado e valoración:**

- O xurado estará composto por profesionais do ámbito literario e educativo.
- A valoración dos relatos terá en conta a creatividade, orixinalidade, calidade literaria e adecuación temática.
- A composición do xurado darase a coñecer no momento do ditame do certame.
- O xurado non poderá participar no certame.



Xoves, 13 de novembro de 2025

Núm. 218

## 8. Premios:

- Entregaráselles un premio aos mellores relatos de cada categoría, que se corresponderá cos seguintes importes:
  - Educación primaria: 150,00 €
  - Educación secundaria: 150,00€
  - Mocidade: 250,00€
  - Persoas adultas: 300,00 €
- Os relatos gañadores poderán ser difundidos.
- Os premios poderán quedar sen adxudicar se non se alcanza unha calidade mínima. As decisións adoptadas polo xurado serán inapelables en tódolos casos.

## 9. Dereitos de autoría:

- De ser o caso, as persoas participantes cederán os dereitos de publicación para a divulgación dos relatos seleccionados no marco do certame.

## 10. Disposicións adicionais:

- A organización reserva o dereito de resolver calquera situación non recollida nas bases.
- A participación no certame implica a aceptación total das bases e a súa interpretación é responsabilidade da organización do certame.
- Os datos persoais incluídos neste certame só serán coñecidos pola organización do concurso, quen garante o anonimato dos autores e autoras dos relatos durante todo o proceso de selección e deliberación do xurado. O seu tratamento ten como finalidade a xestión e control dos premios concedidos polo xurado. Os seus datos persoais non serán comunicados ou cedidos a terceiras persoas. O interesado ou interesada poderá revogar o seu consentimento, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

A alcaldesa-presidenta do Concello de Pontecesures

María Teresa Tocino Barreiro

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: VYAV16WB9HJC4LNS

